

1. Bolsas e prácticas profesionais

1.5. Organismos e Organizacións internacionais

Este programa está dirixido a licenciados cun excelente expediente académico que queiran obter experiencia laboral antes de continuar estudando ou empezar a traballar.

FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI). PROGRAMA DE ASISTENTES DE INVESTIGACIÓN (RAP)

Requisitos

- Estar licenciado ou ter unha mestría en Económicas, Informática, Matemáticas, Estatística ou Administración de Empresas.
- Ter un excelente expediente académico.
- Inglés fluído.
- Coñecementos informáticos.
- Dotes comunicativas e habilidades sociais.

Lugar

Sede do FMI en Washington (Estados Unidos).

Prazos de solicitude

A solicitude realízase *online* durante todo o ano.

Proceso de selección

Candidatura espontánea e selección segundo as necesidades da organización. Os preseleccionados deberán completar a candidatura con máis información e realizar unha entrevista.

Máis información en: imf.org

Duración e contía

A duración é de dous anos, mentres que o salario depende do destino e inclúe aloxamento e seguro médico.